

## Epílogo.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso  
Luns, 02 Abril 2012 18:07

---



Cando espertei non me doía a cabeza, e quizais debería. Onte, tras saír da cervexaría, o primeiro impulso levounos ao *Teatro Español*; inmediatamente, rexeitamos a idea: a función comezara había xa tempo. Para mitigar a frustración, decidimos buscar onde cear algo. Anoitecía. As rúas eran un fervedoiro no que a xente estaba, ía, e viña; nós con ela. Entramos nun restaurante da zona e acomodámonos. Unha hora despois dabamos cabo da botella de mencia que pediramos para acompañar os *cogoll*  
os

con ventrecha de bonito e as costelas adobadas, mentres tanto, nunha punta da mesa, esperaba un arroz con leite. Fóra seguía o bulicio, oíase dentro. Nós tiñamos claro que en canto saísemos do restaurante iríamos ao

*Populart*

, na rúa

*Huertas*

, veciño ben avido do vello

*Parnasillo*

*del Príncipe*

. Cando chegou o momento comprobamos que estaba ata os topes, coma sempre. Con moito traballo e algo de sorte acadamos un sitio preferente e, ao tempo que escoitabamos como un animoso quinteto, con máis ganas que acerto, versionaba, unha tras outra, clásicas pezas de *blues*

, lentamente, fomos cocéndonos a

## Epílogo.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso  
Luns, 02 Abril 2012 18:07

---

*gin-tónics*

. Xa de madrugada, deixamos o

*Populart*

.

Na rúa a temperatura era menor que no local, secasí aínda alta. Decidimos tomar a última do día na *Plaza de Santa Ana* e mentres o faciamos podemos comprobar que persistía o ambiente, se ben é certo que agora a media de idade diminuíra. Idades iniciáticas, se cadra, acaso non todas. Iamos xa de retirada, á altura do *Teatro de la Comedia*

, cando, entre a xente que deambula, vexo un grupo de rapazas, de moi bo estar, tomando cervexa e divertíndose. De pronto, unha do grupo, atacada pola necesidade, da as costas ao círculo que forman e, á vez que se agacha, sobe o escasísimo vestido para, con toda naturalidade, mexar cara ao centro da rúa. Practicamente, ninguén se inmuta. Unha vez aliviada segue parolando animadamente coas amigas. A situación lembroume aquela de hai uns días en

*Campo Maior*

; esta máis doada de ver, naturalmente.

Coa alborada chegou a última xornada desta viaxe. A primeira hora da mañá, mentres gran parte da cidade durmía, camiño do *Thyssen*, creo recoñecer a man de *Siza* na reordenación urbana da *Carrera*

*de San Jerónimo*

, concretamente no tramo comprendido entre

*Neptuno*

e o

*Congreso*

. Ante o

*Thyssen*

, só chegar, un cartel colocado ao efecto infórmanos de que, aínda sen abrir as portas, as entradas xa están esgotadas para ese día.

*María José*

desilusionouse, eu por ela. Había que improvisar un plan. Decidimos inicialo visitando os interiores das obras do recoñecido arquitecto ecléctico

*Antonio*

*Palacios*

que fosen, na actualidade, de acceso público. Nas cábalas preliminares facemos unha excepción: coñecido, dende hai anos, o antigo

## Epílogo.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso  
Luns, 02 Abril 2012 18:07

---

*Hospital de Jornaleros*

e a cúpula de vidro da súa igrexa, en

*Maudes*

, - hoxe

*Consejería de Obras Públicas, Urbanismo y Transportes*

da comunidade madrileña - esta obra, declarada Ben de Interese Cultural con categoría de Monumento, deixa de ser obxectivo. Centrémonos na actual casa do concello, antes

*Palacio de Telecomunicaciones*

, o antigo

*Banco del Río de la Plata*

, agora sede do

*Instituto Cervantes*

, e o antes e agora

*Círculo de Bellas Artes*

, os tres coa mesma catalogación patrimonial que o hospital.

Ao edificio da praza de *Cibeles* non podemos entrar, por estar en obras. Aos outros dous, case fronte a fronte na rúa *Alcalá*, si.

Inda que xa coñeciamos dabondo o de *Bellas Artes*, estar sen almorzar serviu de desculpa para regresar a el. Fixémolo tranquilamente, almorzar digo, na

*sala de conversaciones*

- coñecida hoxe como

*la pecera*

-, xusto a carón de

*El salto*

*de Léucade*

, a escultura de

*Moisés Huerta*

elixida para tal lugar polo propio

*Palacios*

. Ao rematar fomos á beira da

*Minerva*

de

*José Luís*

*Vasallo*

e como ela, dende a terraza, podemos contemplar admirables vistas da cidade; demorámonos canto quixemos. Máis tarde tocoulle quenda á biblioteca. Xa fóra, cruzamos a rúa e accedemos á sede do

*Cervantes*

: unha decepción. O edificio sufriu unha ampliación na década dos corenta, baixo dirección doutro arquitecto, e unha reforma na década dos oitenta. Como consecuencia das primeiras

## Epílogo.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso  
Luns, 02 Abril 2012 18:07

---

obras perdeu o gran vestíbulo central e a vista da vidreira da cúpula. Xa o sabía, pero descoñecía o grao de repercusión. Saímos. A plena luz do día lembrei que ante este edificio, daquela en construción, disparou dúas veces o anarquista

*Sancho Alegre*

sobre o monarca

*Alfonso XIII*

, sen o resultado pretendido, un trece de abril de mil novecentos trece

.

Algo máis alá, na mesma rúa, emprázase o que foi *Banco Mercantil e Industrial*, proxectado tamén polo mestre porriñés, a quen rozo cando camiño ante el en dirección á

*Puerta del Sol*

. Torcemos cara á rúa

*Tetuán*

e pasamos por

*Casa Labra*

, local centenario no que se toman suculentas tapas e onde

*Pablo Iglesias*

fundou o

*PSOE*

. Logo baixamos en dirección ao

*Teatro Real*

e cruzámonos cunha imaxe de

*Isabel II*

sobre pedestal, presidindo a praza de igual nome, á que o escultor

*Piquer i Duart*

vestiu, en mil oitocentos cincuenta, dunha beleza e finura que, por non posuír, sempre

debeu envexar. Mentres a miro decátome de que estou a suar, e a suor faime reparar nun sol enfurecido pendurado do tan merecidamente literario ceo de

*Madrid*

. Tras rodear o

*Palacio Real*

desembocamos na

*Plaza de la Armería*

e quedo preso dunha nova decepción: o edificio que os arquitectos

*Mansilla e Tuñón*

están a construír para albergar o

*Museo de las Colecciones Reales*

, causa principal da camiñada, practicamente non se ve. Négame a baixar ao

*Campo del Moro*

sen ter a certeza absoluta de resultados compracentes. Xiramos.

## Epílogo.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso  
Luns, 02 Abril 2012 18:07

---

Amodo, conseguimos chegar ao *CaixaForum*. Neste edificio, ideado polos arquitectos suízos *H*  
*erzog*

e

*de Meuron*

sobre os restos da antiga

*Central Eléctrica del Mediodía*

, iamos atopar motivo dabondo para xustificar o noso desprazamento a

*Madrid*

, isto é, as vangardas rusas. A exposición

*ARTE Y ARQUITECTURA EN RUSIA 1915-1935*

, sobre os cambios urbanos, arquitectónicos, escultóricos e pictóricos que introduce a  
Revolución de Outubro, mostrados a través de debuxos, planos, fotografías cedidas polo

Museo Estatal de Arquitectura

*Schúsev*

de Moscova, fotografías de gran tamaño de

*Richard Pare*

, maquetas cedidas polo Museo Estatal de arte contemporánea de Tesalónica e pinturas  
orixinais, foi unha oportunidade única para achegarme en profundidade á explosión creativa e  
debate ideolóxico que, na época, se buscaba para a nova sociedade e as súas cidades. Os  
artistas do momento formularon propostas espaciais que atendían ás necesidades da vida en  
colectividade e á economía de movemento; e ensaiaron solucións e crearon linguaxes como o

*Construtivismo*

e o

*Suprematismo*

. Unhas obras, e un movemento, que debido á abrupta interrupción, imposta pola chegada ao  
poder de

*Stalin*

e

*Trotski,*

non tivo tempo de amaneirarse, de podrecer un pouco, e quizais sexa isto o que fai que aínda  
hoxe as percibamos frescas e modernas. Estivemos un tempo longo e gozoso contemplando  
traballos dos irmáns

*Veznin*

,

*Vladimir*

*Shújov, Tatlin*

,

*El*

*Lissitzski, Melnicov*

,

*Liubov*

*Popova, Rodchenko*

,

*Malevich...*,

un prodixio de creatividade.

## Epílogo.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso  
Luns, 02 Abril 2012 18:07

---

De alí a pouco, xa na *Gran Vía*, camiño da nacional seis, aínda tremendo polo vivido, vexo no horizonte, unha vez máis, o edificio *Capitol*. Un edificio *Feduc*  
deseñado por *hi* e *E*  
*ced*  
, na década dos trinta, con chafrán curvo e torre pensada para recibir anuncios, no que se detectan claras influencias do expresionismo alemán. Unha obra icónica, fermosa e con atracción para os cineastas, na que o promocional de *Schweppes*, ancorado á torre, pasou a formar parte da súa imaxe no inconsciente de xeracións de madrileños e foráneos. Deixámolo atrás. Tamén a *Madrid*

*María José* retoma os Concertos de *Brandenburg*. Mentres escoito recordo momentos da viaxe, imaxes concretas que ás veces retornan. Estaba nestas cando me invade o desacougo; sen saber como, ou sexa, coma sempre, ocorréuseme: deixara de visitar, en *Setúbal*, a *Escola Superior de Educação*, obra amada, dende hai anos, de *Álvaro Siza*, mestre vivo ao que máis admiro. Agora pouco podo facer para remedialo se non é pedirlle ao destino outra oportunidade. Tamén en *Cáceres* deixamos de achegarnos ao *Centro de Artes Visuales* da galerista e coleccionista *Helga de Alvear*, pero neste caso a decisión foi tomada pola súa condición de arestora incompleto. A calor déixase sentir con forza despois de dúas horas de autovía. Nunha área de servizo mercamos unha botella de auga, de litro e medio, que xa temos consumida cando entramos en *Benavente*. Queríamos facernos cun queixo zamorano e esta podía ser a oportunidade. Nas aforas da cidade abordo un home adulto pero aínda novo, delgado, vestido con chándal e zapatillas deportivas, atento, e de verbo moi doado. Conta que se está a celebrar unha gran feira na cidade e entende que nela non será difícil dar co que buscamos; anímanos a subir. Facémolo. Ao chegar ao cume da poboación atopámonos cun gran balbordo de coches. Logo de varias voltas conseguimos aparcar o noso nun mal campo a monte disposto para tal fin e invadido deles.

## Epílogo.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso  
Luns, 02 Abril 2012 18:07

---

A feira reunía maquinaria agrícola ao aire libre e, baixo teito, exposición gandeira e postos de venda de produtos gastronómicos chegados de diversas partes da península ibérica.

Paseamos, observamos, catamos uns viños de *Toro* por cortesía do Concello da cidade anfitriona, e, finalmente, mercamos un queixo anello de ovella, de

*Benavente*

, e dous tarros de litro de distintos curtidos manchegos, coa oliva como protagonista. Cando saímos do recinto o barullo e o número de coches ía en aumento. Zafamos como puidemos e puxemos rumbo a

*Puebla de Sanabria*

Uns amigos víñannos falando moi ben, dende hai uns meses, dun restaurante, que nós sempre entenderamos situado en *Benavente*, e quixemos aproveitar a ocasión para coñecelo, a pesar de non ser hora axeitada para a cea e moito menos para o xantar. Cando lle preguntei ao tipo do chándal por

*El Empalme*

, así se chama o restaurante, contestoume que o único que coñecía con ese nome e destino estaba a sesenta quilómetros, en

*Mombuey*

,... e que non era para tanto como lle dicía. Ao máis que chegaba, segundo el, era a preparar ben os cogomelos - nisto coincidía cos nosos amigos -, alardeando o seu propietario nalgunha ocasión, seguiu dicindo, de que o mesmo rei de España os tomara un par de veces nas súas mesas cubertas por manteis de hule. Cando chegamos a

*Mombuey*

, nun cruzamento de camiños ben apartado da vila, atopamos unha edificación de planta baixa, tellado a dúas augas, presenza desoladora, e totalmente illada, era

*El*

*Empalme*

. Estaba pechado.

Xa case se rendeu o día cando pasamos fronte a *Verín*. Ao lonxe vemos, tremendo na paisaxe, as luces que semellando candeas mitigan a escuridade traída pola noite á vila, e á veciña

*Monterrei*

, onde as uvas xerminadas en parras de godello e mencía pronto serán protagonistas de ancestrais ritos. Agora, en

*Allariz*

, mentres esperamos nos sirvan a cea, remato estas notas, que tamén serán as últimas da viaxe. Ao chegar, tras aparcar o coche no

*Campo da Barreira*

, aos pés do

## Epílogo.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso  
Luns, 02 Abril 2012 18:07

---

*Real Mosteiro de Santa Clara,*

no cal se custodia unha imaxe semellante a outra existente en

*Évora*

, a valiosa peza gótica

*A Virxe*

*Abrideira*

, doada por

*Dona Violante*

, esposa de

*Alfonso X O Sabio*

, rei tan vinculado a esta vila, aínda tomamos un ribeiro no

*Roi*

*Xordo*

. Despois, pasadas as once da noite, baixamos ata a

*Praza*

*Maior*

e, por esta vez, decidimos non ir ao

*Tino Fandiño*

. Entramos no máis recente e informal

*A taberna do Pepiño*

, engulimos outro ribeiro, e sentamos na única mesa baleira... Xa nos traen a cea.